

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto organizado co gallo do Día Internacional en Conmemoración das Vítimas do Holocausto e Homenaxe ás vítimas galegas dos campos nazis

Parlamento de Galicia, 19-02-2018 // 17,00 h.-

- Familiares das vítimas galegas do Holocausto,
- Membros da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica,
- Membros da Mesa do Parlamento,
- Conselleiro de Sanidade e Conselleira do Mar da Xunta de Galicia,
- Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Portavoces, deputadas e deputados do Parlamento de Galicia,
- Deputados e senadores das Cortes Xerais,
- Alcaldes e alcaldesas,
- Autoridades,
- Señoras e Señores:

Boas tardes e moitas grazas por nos acompañaren neste acto co que queremos reiterar a adhesión do Parlamento de Galicia aos principios e valores que se reivindicán no Día Internacional en Conmemoración das Vítimas do Holocausto, que se celebra o 27 de xaneiro de cada ano.

Celebramos este acto para render homenaxe a todas as vítimas do Holocausto e ás vítimas galegas dos campos nazis, por iniciativa da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica e logo do acordo dos catro grupos parlamentarios que integran a Cámara.

Escoitaremos, en primeiro lugar, un romance galego ao tempo que facemos memoria das vítimas do Holocausto e dos campos nazis. A

peza, interpretada á zanfona por Elías González Docampo, leva por título *O cego da faba*.

- Peza musical (*O cego da faba*).

Deseguido, alumnado do IES Xosé Neira Vilas, de Perillo (Oleiros), dará lectura aos nomes daquelas persoas galegas que os investigadores da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica teñen acreditado que foron obrigadas a subir nos trens da morte, persoas que morreron alí ou que foron liberadas.

- Lectura dos nomes das vítimas

Moitas grazas a Orleni, Sara, Antón, Hellen, Pablo, Alejandra, Danick, Lucas, Teo, Lucía, Nuria, Eduardo Xavier, Iago, Marcos, Miguel e Noemí pola lectura que acaban de efectuar.

Escoitamos agora *Negra sombra*, unha peza composta por Juan Montes, a partir do poema homónimo de Rosalía de Castro e inspirado, segundo a tradición, nun alalá procedente do Incio. A interpretación corre a cargo de Elías González.

- Peza musical (*Negra sombra*).

Nos últimos anos, co gallo do Día Internacional en Conmemoración das Vítimas do Holocausto, tamén o pasado 24 de xaneiro, esta Cámara ten adoptado diferentes declaracións institucionais. En todas elas, o Parlamento de Galicia asumiu como propios os postulados da Asemblea das Nacións Unidas que, na súa 42ª sesión plenaria, celebrada o 1 de novembro de 2005, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreron asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo respecto aos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos.

Ante a barbarie e na defensa dos dereitos humanos non hai nin pode haber reservas. E por iso celebro a reiterada unanimidade desta

Cámara na condena do Holocausto, mais tamén para reclamar unha actitude inquebrantable fronte a posibles brotes de racismo, xenofobia ou discriminación baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas das persoas.

Fronte aos totalitarismos —sexan do signo que sexan— e fronte á súa barbarie non hai nin pode haber reservas entre os demócratas.

O Parlamento de Galicia abre hoxe as súas portas para render un tributo solemne e sentido aos 193 galegos que foron conducidos a campos de concentración, a maior parte deles a Mauthausen. Unhas persoas —a maioría— perderon a vida nos campos de concentración e outras, as que tiveron a sorte de seren liberadas, nunca puideron regresar ao seu fogar.

Temos presentes nesta homenaxe aos máis de 10.000 republicanos españois que foron deportados aos campos nazis pola colaboración do réxime fascista instaurado en España despois da Guerra Civil.

Estas 193 rosas brancas aprisionadas por arame de espiño, que temos ao noso carón, canda o escudo de Galicia, simbolizan o recordo imperecedeiro das 193 vítimas galegas deportadas aos campos nazis.

Ningunha destas vítimas de orixe galega, nin sequera as liberadas dos campos de concentración, puideron regresar nunca a Galicia, porque a ditadura franquista de entón llelo impediu.

Sirvan estas flores para simbolizar o recoñecemento ás vítimas dos campos nazis na Galicia actual, unha Galicia democrática, dotada das súas propias institucións de autogoberno xurdidas da Constitución española e do Estatuto de Autonomía; unha Galicia que, liberada para sempre das ataduras da ditadura, acubilla o recordo destas e de todas as vítimas, co agarimo e coa dignidade que todo ser humano merece, en especial os que loitaron pola liberdade e contra o fascismo.

A estas vítimas galegas rendemos tributo na sede do poder lexislativo galego, do mesmo xeito que homenaxeamos a memoria de todos os

españóis que foron deportados aos campos de exterminio, e á totalidade das vítimas do Holocausto, fose cal fose a súa orixe.

Vítimas inocentes que, malia o paso do tempo, nos interpelan e exhortan decote a non baixarmos a garda fronte a calquera intento que, aínda que sexa de lonxe, poida procurar a terxiversación da historia ou lexitimar condutas ou actitudes atentatorias contra os máis elementais dereitos humanos.

Facemos memoria tamén dos exiliados españois que, ao remate da guerra civil, en 1939, foron confinados en campos de refuxiados no sur de Francia en condicións inhumanas, malia que desa experiencia pouco ou nada se fale nos nosos días, aínda que sexan abondosos os testemuños, sempre dramáticos, dos retidos.

Facemos memoria das vítimas, de todas as vítimas do Holocausto, e rendemos tributo, ademais, a cantas persoas, especialmente as e os heroes anónimos, desde as súas diversas responsabilidades, foron quen de enfrontarse á maldade extrema encarnada polo nazismo.

Falo de persoas como o diplomático español Ángel Sanz Briz, o *Anxo de Budapest*, Xusto entre as Nacións, que salvou dunha morte segura a arredor de 5.000 xudeus, argumentando os seus vínculos con Sefarad.

Refirome a persoas como as irmás Touza —Lola, Amparo e Julia—, tamén coñecidas como as *Schlinder galegas*, que desde Ribadavia deron soporte a unha rede que conduciu a Portugal, e desde alí a América, a varios centos de xudeus que en Europa estaban abocados a unha morte segura a mans dos nazis.

Uns e outras, e moitos máis desde o anonimato, constitúen exemplos de heroísmo en grao extremo, persoas que asumiron riscos elevadísimos sen máis recompensa que a da súa conciencia, tratando de axudar a quen estaba sentenciado de antemán por un réxime desapiadado.

Velaquí a grandeza do ser humano fronte á barbarie extrema.

Nunha sociedade que ás veces peca de exceso de banalización, e ten unha especial capacidade para esquivar feitos e acontecementos dolorosos do pasado, segue sendo necesario explicar aos máis novos qué foi o Holocausto e as súas causas.

Segue sendo preciso, insisto, como pide a ONU, atallar e condenar sen reservas calquera manifestación de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra persoas ou comunidades baseadas en cuestións de carácter étnico ou relixioso.

Continúa sendo preciso rexeitar calquera negación, parcial ou total, do Holocausto como feito histórico.

E fariamos ben, por suposto, en lembrar e tomar exemplo de fazañas como as protagonizadas por Sanz Briz, polas irmás Touza e por tantos outros que, con feitos, demostraron que se pode vencer e combater o mal, por invencible que este semelle.

Con todo, hai moitas e poderosas razóns para o optimismo, comezando polas ferramentas coas que a propia Europa se dotou a si mesma para evitar repetir dramas do pasado. A Unión Europea, democrática e social, malia as súas disfuncións, segue a ser o mellor antídoto contra a barbarie e contra os totalitarismos que todos rexeitamos. Cómpre telo presente, porque tamén para iso serve a UE.

Rematamos o acto cantando o Himno Galego.

- Himno Galego.

Moitas grazas a todas e a todos pola súa asistencia.